



PROBA DE ACCESO AOS ESTUDOS DE GRAO

Estas instrucións teñen carácter e orientativo aos efectos de facilitar a inscrición do alumnado . O acceso e admisión de alumnado nas ensinanzas superiores de Música na CC.AA. de Galicia está regulado na seguinte normativa de referencia: Decreto 163/2015, do 29 de outubro, Decreto 171/2016, do 24 de novembro; Orde do 21 de novembro de 2016 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Resolución do 16 de abril de 2024 da Dirección Xeral de Formación Profesional, DOG, n. 82, do 25 de abril.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Do 26 de abril ao 21 de maio de 2024 (Ambos os

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NA SECRETARÍA DO CMUS SUPERIOR DE VIGO (RÚA MANUEL OLIVIÉ, 23 – VIGO) DE LUNS A VENRES EN HORARIO DE 09.30 A 13.30 HORAS

TODA A DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTE ACREDITATIVA DE CALQUERA CIRCUNSTANCIA TEN QUE SER ORIXINAL OU COPIA DEBIDAMENTE COMPULSADA.

É OBRIGATORIO PRESENTAR TODA A DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA EN CADA CASO PARA ADMITIR A INSCRICIÓN

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

1) Impreso de solicitude de admisión cuberto e asinado (no caso de menores de idade a sinatura será a da(o) representante legal). Na solicitude deberanse indicar a especialidade e itinerario, de ser o caso, a que se desexa acceder, así como a preferencia de centro en que se desexa cursar naquelas especialidades que se ofertan nos dous conservatorios. *Enlace para descargar o impreso:* <https://www.edu.xunta.gal/eas/>

2) Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte (no caso de menores de idade ten que aportar tamén unha copia do correspondente documento de identidade da(o) representante legal).

3) Acreditación do título de bacharelato ou titulación declarada equivalente aos efectos académicos

a) O alumnado pendente de realizar a proba que substitúe o requisito de titulación **o fará constar na solicitude** e a súa admisión quedará condicionada á superación do requisito correspondente.



b) O alumnado que teña pendente algunha das materias do bacharelato poderá inscribirse **achegando unha certificación académica do bacharelato con indicación das materias pendentes** e realizar a proba e, no caso de superala, "*poderán optar*" á asignación da praza solicitada unha vez que estean en posesión do título de bacharelato.

c) Alumnado estranxeiro:

1 - No caso de ter superados estudos estranxeiros equivalentes o bacharelato español deberá ter concedida ou solicitada a homologación de dita titulación para poder inscribirse condicionalmente na proba. Para admitir a inscrición é obrigatorio presentar: ou a **Resolución de homologación**, ou ben a **Solicitud de homologación** selada por el organismo correspondente (Embaixada, consulado de España, Ministerio de Educación ou Consellería da Xunta de Galicia). **Información para a homologación nos seguintes enlaces** <http://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/gestion-titulos/estudios-no-universitarios/titulos-extranjeros/homologacion-convalidacion-no-universitarios.html>

- <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/524>

2 – No caso de ter materias pendentes de superar para terminar os estudos estranxeiros equivalentes ao bacharelato español por non ter rematado aínda o curso académico, poderá inscribirse **achegando unha certificación do centro de estudos onde os cursa en que se indique que está matriculado neles e a data de finalización do curso**, e realizar a proba e, no caso de superala, "*poderán optar*" á asignación da praza solicitada unha vez acreditada a documentación indicada no apartado 3) C) 1.

4) Xustificante do aboamento dos prezos públicos (xunto cos certificados de exención ou redución correspondentes se é o caso) .

5) De ser o caso: Título profesional de música ou certificación académica ou libro de cualificación das ensinanzas profesionais, en que figure ter realizado o depósito do correspondente título con indicación da nota media do expediente. (O 40% da cualificación final da proba corresponderá á nota media do expediente académico do título de ensinanzas profesionais de música do/a aspirante. No caso de alumnado que realice as probas sen estar en posesión deste título a puntuación que se deberá agregar por este concepto será 0).

6) De ser o caso: Documento acreditativo do grado de discapacidade e solicitude de adaptación dos medios e condicións de realización da proba de acceso que corresponda.

7) De ser o caso: Documento acreditativo da condición de deportista galego de alto nivel e/ou rendemento.
